

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

# MURGUIA

Vol.40  
Xullo-December 2019

- Fontes** *Vellas elites e Estado liberal: o caso do deputado galego Moscoso de Altamira. No bicentenario do Trienio Liberal (1820)*  
Prudencio Viveiro Mogo
- A Investigación** *Uma lembrança para Antonio Leonardo Sánchez Deus*  
Colectivo Avanti
- Presenza dos escapados no norte de Lugo. A morte do falanxista «O Pinguelo»*  
Arturo Blanco Mogo
- Galaxia e a mecánica da Historia. A Historia no campo literario galego da posguerra*  
Mario Regueira
- Reflexións ao fío do Atila no Grove de Antón Mascato*  
Carlos Méixome
- A Entrevista** *Manuel Vilar, director do Museo do Pobo Galego*
- Lembranzas** *Ricardo Carvalho Calero e a 'Ezquerda Galeguista'*
- Museos, Arquivos, Bibliotecas e Lugares** *O Parque do Pasatempo: un coñecemento poliédrico*  
Ángel Arcay Barral e Daniel L. Teijeiro Mosquera
- Lecturas** *Estado, Poder e Estructuras Políticas na Gallaecia*
- A invención da Gallaecia e a minaría do ouro. Unha tese sobre as orixes de Galicia*
- Arte e escritura na Galicia medieval*  
Alberte Lago Villaverde
- A Rede** *PARES e Galiciana: o patrimonio documental galego na Rede. Da Idade Media ao século XXI*  
Miguel García-Fernández

ISSN 1136-7117  
9771606910006

REVISTA GALEGA DE HISTORIA

# MURGUIA

Vol.40  
Xullo-December 2019



MOSCOSE e ALTAMIRA e SÁNCHEZ DEUS  
GALAXIA e GUERRILLA e ATILA NO GROVE  
MANUEL VILAR e CARVALHO CALERO e ESQUERDA GALEGUISTA  
PARQUE DO PASATEMPO e GALIZA MEDIEVAL e PARES e GALICIANA

# PARES E GALICIANA: O PATRIMONIO DOCUMENTAL GALEGO NA REDE. DA IDADE MEDIA AO SÉCULO XXI

Miguel García-Fernández<sup>1</sup>

Calquera investigador ou persoa interesada no estudo e coñecemento da Galiza medieval é plenamente consciente da importancia de consultar directamente as fontes documentais conservadas. Á marxe das edicións existentes –numerosas á par que heteroxéneas e, en relación a isto último, ás veces con non poucos problemas no que respecta á fiabilidade das mesmas–, o contacto directo co patrimonio documental producido durante a nosa Idade Media constitúe non só unha práctica apaixonante para os que buscamos un enlace directo coas mulleres e homes do pasado a través da materialidade dos textos, senón tamén, e sobre todo, un exercicio san e recomendable –mesmamente necesario e obrigado en non poucos casos– para acceder sen mediacións ao contido desas fontes documentais coas que debemos reconstruír a nosa historia, sexan estas inéditas ou xa total ou parcialmente coñecidas. De forma paradoxal, tense advertido que nestes tempos de apertura dos arquivos ao público –de democratización do acceso ás fontes do pasado– tamén hai unha certa tendencia a que algúns medievalistas opten por asentir boa parte dos seus traballos nas fontes xa editadas, sen preocuparse –ou cando menos non en exceso– por problemas como as lecturas erradas, as coleccións documentais incompletas, as dificultades ou alteracións derivadas da forma de presentar as transcripcións ou as edicións documentais etc. En todo caso, hoxe queremos destacar que o referido proceso de democratización experimentado nos últimos anos verbo do acceso ao patrimonio histórico documental da Galiza medieval (e posmedieval) ten na Rede unha das súas máis firmes aliadas. As vantaxes derivadas de poder consultar directamente as dixitalizacións das fontes documentais galegas desde calquera lugar do mundo son

<sup>1</sup> Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela.

innumerables e, aínda que iso non nos exime de seguir acudindo aos arquivos –pois na Rede non está todo e, ás veces, as imaxes ou referencias descritivas que se ofrecen nesta respecto dun determinado documento poden non chegar a ofrecer a través da súa consulta dixital todos os datos que, pola contra, o investigador si pode extraer da fonte grazas a unha consulta *in situ* (péñese, por exemplo, na necesidade de usar a luz ultravioleta para certas lecturas de pergamiños deteriorados pola humidade ou ante o esvaecemento das tintas)–, o certo é que calquera investigador actual conta con numerosos recursos para recuperar con facilidade, rapidez e eficiencia unha parte substancial do patrimonio documental da Galiza medieval conservado até os nosos días en diferentes institucións. Neste sentido, queremos destacar os dous principais portais que permiten a localización e lectura de centos de pergamiños e papeis relacionados coa Galiza medieval, tanto dos conservados nun bo número de arquivos estatais como noutros especificamente galegos: *PARES. Portal de Archivos Españoles*<sup>2</sup> e *Galicana. Archivo dixital de Galicia*<sup>3</sup>, respectivamente.

### PARES. Portal de Archivos Españoles

PARES constitúe unha das plataformas informático-arquivísticas máis relevantes e coñecidas no ámbito da investigación histórica peninsular, contribuíndo notablemente á difusión do patrimonio histórico documental español a través da Rede. Este portal, creado e xestionado pola Subdirección General de los Archivos Estatales do Ministerio de Cultura y Deporte do Estado español, permite desde o 2007 o acceso libre ás fichas descritivas e, nun bo número de casos, ás imaxes dixitalizadas dun amplo conxunto de fontes históricas –fundamentalmente documentais tanto en pergamiño como en papel, aínda que tamén atopamos planos, fotografías etc– conservadas en diferentes arquivos estatais como o Archivo Histórico Nacional (AHN), o Archivo

**Estadísticas de PARES**

\* Las estadísticas se actualizan periódicamente: el sábado 1 de junio y el sábado 1 de diciembre

1. ¿Cuántos documentos hay en PARES?

El Portal de Archivos Españoles (PARES) contiene registros descriptivos e imágenes digitalizadas de los fondos documentales conservados en los Archivos Estatales

Hasta el 30 de mayo de 2020 en PARES hay 5.303.918 documentos digitalizados

Año	Total de registros descriptivos
2007	~3.000.000
2008	~3.500.000
2009	~3.800.000
2010	~4.000.000
2011	~4.200.000
2012	~4.400.000
2013	~4.600.000
2014	~4.800.000
2015	~5.000.000
2016	~5.200.000
2017	~5.400.000
2018	~5.600.000
2019	~5.800.000

<sup>3</sup> <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gv/inicio/inicio.do>  
Imaxe 1.

Histórico de la Nobleza (AHNob), o Archivo General de Simancas (AGS) ou o Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (ARCHVa), entre outros. Así, PARES ofrécelle ao conxunto da cidadanía –desde investigadores e estudantes até simples curiosos– millóns de documentos históricos dixitalizados –dados entre o século VI e o propio século XXI– no marco dun contexto de permanente actualización e incremento do volume das fontes descritas e ofrecidas a través da súa reprodución visual en liña (Imaxe 1).

En relación coa Galiza medieval, de entre os arquivos estatais cuxos fondos poden ser consultados parcialmente a través de PARES, os xa citados con anterioridade son os que custodian un maior número de documentos medievais galegos. De feito, a súa consulta resulta indispensable para recuperar non só boa parte dos pergamiños monásticos que foron levados ao AHN de Madrid

**Búsqueda Avanzada Documentos**

Buscar por palabras

Con todas las palabras

Con la frase exacta

Con alguna de las palabras

Sin las palabras

Filtrar por índices de Descripción

Categorías: Todas

Búsqueda Documental

Búsqueda aproximada

Búsqueda exacta

Filtrar por Archivo

Archivo: 0

Filtrar por Fecha

Fecha desde: / / hasta: / /

Filtrar por Tipo de Soporte

Tipo de Soporte: Todos

Digitalización

Todos

Digitalizados

No Digitalizados

Filtrar por Signatura

Signatura

Signatura incompleta

Signatura completa

Limpiar formulario

Buscar

Imaxe 2.

a raíz do proceso desamortizador do século XIX, senón tamén a documentación que circulou cara a Real Chancelaría de Valladolid con motivo dos numerosos preitos que durante a Época Moderna provocaron unha intensa circulación de documentos medievais –tanto de orixinais como de copias– cara espazos fóra do Reino da Galiza co obxectivo de presentalos ante as autoridades xudiciais da Coroa para xustificar diversos dereitos ou sustentar certas reclamacións, sen esquecer moitos documentos producidos no seo das casas señoriais galegas que se conservan no AHNOB de Toledo ou o riquísimo fondo documental vinculado ao vello reino da Galiza custodiado no AGS e a través do cal é posible, entre outras cuestións, achegarse ás relacións entre o Reino e os seus monarcas desde finais da Idade Media. Boa parte desta documentación pode ser localizada e visualizada a través de PARES, cuxa plataforma permite realizar buscas con filtros non só por palabras, cronoloxías ou arquivos, senón tamén por sinaturas e, mesmamente, discriminando os resultados segundo exista ou non a dixitalización dos documentos que nos interese localizar e consultar (Imaxe 2).

É certo que a través de PARES aínda non poden ser consultados todos os fondos documentais de especial interese para coñecer a nosa historia medieval. Por citar só algúns casos que me teñen interesado en tempos recentes, os pergamiños soltos de institucións como os mosteiros cistercienses de Santa María de Sobrado dos Monxes (A Coruña) e Santa María de Meira (Lugo), así como os da Catedral de Lugo –custodiados todos eles na sección *Clero* do AHN– ou aqueles outros que conforman a colección facticia de *Diversos* do



Imaxe 3.

mesmo AHN –onde hai non poucos documentos galegos– non contan polo momento con fichas descritivas individuais e, consecuentemente, tampouco coa correspondente imaxe dixitalizada para a súa consulta a través desta plataforma. Porén, estamos seguros de que, máis pronto que tarde, o continuado incremento dos fondos dispoñibles para a súa consulta a través de PARES incorporará, entre moitos outros documentos galegos, aqueles custodiados nos fondos que acabamos de citar.

### Galiciana. Arquivo dixital de Galicia

Cun espírito similar ao de PARES, na Galiza xurdiu posteriormente a plataforma *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, que está xestionada pola Subdirección Xeral de Arquivos e Museos da Dirección Xeral de Políticas Culturais. Na súa carta de presentación, este portal preséntase como o espazo virtual no que proceder á consulta “a través dun punto único tanto de documentos que teñan obxectos dixitais asociados como aqueloutros non dixitalizados de arquivos como o Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia (Arquivo do Reino de Galicia, e Arquivos Históricos Provinciais de Lugo e Ourense), os de administracións locais, de centros docentes (universidades e centros de ensino medio fundamentalmente), de institucións e organismos cultural e sindical de interese para Galicia (Arquivo da Real Academia Galega, Arquivo da Fundación Penzol e da Fundación Luís Tilve) e de institución eclesiásticas” (Imaxe 3).

Igual que no caso anterior, o proceso de dixitalización dos fondos custodiados nos arquivos indicados experimenta un incremento continuado. Por iso, convén estar atento tanto ás novidades que se presentan na sección de Noticias –por exemplo, recentemente informouse a través desta sección da incorporación a *Galiciana* da ficha descritiva e a dixitalización do *Livro da montaria* de João I de Portugal, custodiado no Arquivo Histórico Provincial de Lugo–, como ao incremento de resultados obtidos para unha mesma busca realizada por parte de calquera usuario en períodos de tempo non excesivamente distanciados entre si (Imaxe 4).

En todo caso, está claro que para os investigadores da Galiza medieval esta plataforma resulta o complemento perfecto de PARES, ofrecendo informacións similares a través dunha plataforma perfectamente intuitiva e de uso sinxelo. Así, grazas a ela podemos acceder ao contido de fondos de consulta imprescindible para calquera medievalista galego. É o caso, por exemplo, dos pergamiños reunidos por eruditos como César Vaamonde Lores, custodiados no Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña) xunto a un moi extenso repertorio de fontes medievais de procedencia tanto institucional como familiar; os pergamiños do Arquivo da Real Academia Galega (A Coruña), os da Fundación Penzol (Vigo) ou os tamén abundantes documentos medievais conservados en arquivos históricos provinciais como o de Ourense. Aínda na

ARQUIVO DIXITAL DE GALICIA XUNTA DE GALICIA

Inicio Consulta Arquivos Destacados Usuarios

Procura xeral:

Buscar no texto completa  só documentos dixitalizados

Arquivo:

Nivel de descripción:

Tipo documental:

Título:

Desde año:  hasta año:

Persoa:

Familia:

Instrucción:

Lugar:

Lingua:

Deixados:

Alcance e contido:

Signatura:

Signatura antiga:

BUSCAR LIMPAR

**AJUDA**

Se quere buscar unha frase, encírraa entre comillas  
Por exemplo: "Resallo de Castro"

En cada campo pode introducir unha ou máis palabras, o operador que entaza os termos é E

Os caracteres \* e ? buscan termos que comparten unha mesma raíz ou palabras de ortografía dúbida  
Por exemplo: "lustr\*", recuperará as palabras lustrador, ilustracións, ilustrada, ilustrado, etc.; y "primiti?" recuperará los términos primitiva y primitiva. No deben usarse estos caracteres como inicio de un término de búsqueda.

Imaxe 4.

espera de que sigan aumentando as dixitalizacións dispoñibles neste portal, si é posible afirmar que nestes momentos xa contamos en *Galiciana* cunha mostra abundante e ben representativa do patrimonio documental que foi producido ou que estivo en circulación por terras galegas ao longo da Idade Media. Un patrimonio que ás veces está sumamente deteriorado ou do que incluso en ocasións só temos referencias indirectas ou tardías a través de mencións, copias ou traslados posteriores, que, afortunadamente, tamén se está dixitalizando e difundido a través desta plataforma e da precedente.

En definitiva, a través de *PARES. Portal de Archivos Españoles* e de *Galiciana. Archivo dixital de Galicia*, hoxe é posible acceder grazas a uns poucos clics ao amplísimo número de dixitalizacións que varios arquivos estatais e galegos están

facendo co obxectivo de estudar, conservar e difundir o rico patrimonio documental da Galiza medieval. Un patrimonio heteroxéneo que se conserva actualmente en moi diversos arquivos e fondos documentais que non sempre son de fácil acceso nin para os investigadores—tanto os xa consolidados como os que aínda están no seu período de formación—, nin para outras persoas que, dentro ou fóra da Academia, están igualmente interesadas en estudar o noso pasado a través da consulta directa das fontes de antano. Estamos, pois, ante dous recursos dixitais cuxa uso resulta obrigado para avanzar con eficiencia e solidez no coñecemento das mulleres, homes e institucións da Galiza da Idade Media. Grazas a ambas plataformas, hoxe xa non hai escusas para non seguir profundando no coñecemento e estudo pormenorizado do noso patrimonio documental, a nosa historia e a nosa lingua desde calquera parte mundo. Agardamos que así sexa!